



ID 1214

CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

Na sesión celebrada na data que se indica, adoptouse o seguinte

A C O R D O:

Na cidade de Ourense, a vinte de decembro de mil novecentos noventa e cinco.

VISTO o expediente de clasificación do monte como veciñal en man común denominado "OUTEIRO DE MOREIRAS" a solicitude dos veciños da parroquia de Santiago de Folgoso, no Concello de Allariz (Ourense).



RESULTANDO que con data 14 de novembro de 1994, tivo entrada na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes en Ourense, escrito dirixido ó Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común asinado por varios veciños da parroquia de Santiago de Folgoso, no Concello de Allariz, solicitando se declare o monte denominado "Outeiro de Moreiras" como veciñal en man común.

RESULTANDO que o Xurado Provincial en sesión celebrada o día 30 de novembro de 1994, acordou tomar en consideración o citado



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

escrito e inicia-lo expediente de clasificación do monte designando instructores do mesmo a D. Manuel Bouzas Costa e D. José Manuel Baltar Blanco, quen aceptaron tal cargo, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Allariz, e remitíndose comunicacións dirixidas ós veciños da parroquia, ó Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de Ourense, ó Presidente da Cámara Agraria Local, ó Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Allariz e ós Xefes dos Servicios de Estructuras e Desenvolvemento Rural, e de Montes e Industriais Forestais, e de Extensión Agraria da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, publicándose Edictos no Diario Oficial de Galicia (nº 112, do martes, trece de xuño de 1995) e no taboleiro de anuncios do Concello de Allariz, durante o prazo dun mes segundo consta en dilixencia extendida ó dorso do Edicto, polo Secretario do Concello, que durante o prazo sinalado en Edictos para que os interesados pudesen comparecer ou intervir no mesmo, en defensa dos seus dereitos, non consta presentada nengunha alegación.

RESULTANDO que a anotación preventiva de iniciación do expediente, practicouse no Rexistro da Propiedade de Allariz como segue:



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

Letra A al folio 8 del Libro 79 de Allariz, Tomo 332 del Archivo, finca 10.063.

RESULTANDO que na tramitación do expediente cumpríronse tódalas formalidades legais.

VISTOS, a Lei Galega 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común e o seu Regulamento de 4 de setembro de 1992, así como o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Común.

CONSIDERANDO que o Xurado Provincial de Clasificación de montes veciñais en man común, ten xurisdicción e competencia para coñecer-los expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da citada Lei.

CONSIDERANDO que o tipo de comunidade xermánica que institue a Lei de Montes Veciñais en man común ten como características esenciais as seguintes: 1) Que os condominios únense por vínculos persoais de vecindade agrupados en parroquias, aldeas, lugares, caseríos ou barrios non constituídos formalmente en Entidades



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

municipais; 2) Que polo tanto o número de titulares é variable e indeterminado; 3) Que o patrimonio colectivo é utilizado e aproveitado polo veciño, en canto membro da agrupación veciñal, faltando a idea de cuota no sentido xurídico - romano; 4) Que o patrimonio e a participación é inalienable, imprescriptible e inembargable; e 5) Que a comunidade é indivisible, non podendo os comeneiros pedi-la "actio communi dividundo".

CONSIDERANDO que segundo informacións e testimonios resulta que os montes citados son aproveitados e posuídos en réxime de comunidade xermánica polos veciños da parroquia de Santiago de Fozgoso no Concello de Allariz.



Os datos do citado monte son:

- Concello: ALLARIZ
- Denominación: "OUTEIRO DE MOREIRAS"
- Superficie: 3 has. 80 áreas.
- Extremas:

N.: fincas particulares.

S.: herdeiros de D. Benito Conde.

L.: D^a Aurora Novas e outros.

O.: D. Julio Conde e outros.



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

CONSIDERANDO que das informacións recollidas resulta que os veciños da parroquia de Santiago de Folgoso (Allariz), están conformes coa clasificación do citado monte como veciñal en man común.

CONSIDERANDO que a teor do disposto na Lei de Montes Veciñais en Man Común, o expediente de clasificación iniciouse por Acordo do Xurado, a instancia dos veciños para que este Xurado poda acorda-la iniciación do expediente de clasificación.

O XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACION DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMUN á vista dos antecedentes e fundamentos expostos e por unanimidade dos seus membros.

A C O R D A:

PRIMEIRO. - CLASIFICA-lo monte denominado "OUTEIRO DE MOREIRAS" de tres hectáreas e oitenta áreas de superficie aproximadamente, a favor dos veciños da parroquia de Santiago de Folgoso, no Concello de Allariz, e cos lindeiros descritos no considerando terceiro, como veciñal en man común, en réxime de comunidade xermánica.



CONSELLERÍA DE AGRICULTURA,
GANDERÍA E MONTES
DELEGACIÓN PROVINCIAL


XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Rúa Progreso, 161 - Entrechán
OURENSE

SEGUNDO. - Que se proceda á exclusión do citado monte de calquera inventario, catálogo ou Rexistro público no que poidan figurar inscritos a favor da persoa ou entidade distinta á que agora se asigna a súa pertenza.

Contra esta resolución que esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, previa a comunicación á que se refire o artigo 110.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de DOUS MESES perante a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, contados a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución no Diario Oficial de Galicia.

The image shows three handwritten signatures in black ink. In the center is a circular stamp with the text "XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN" around the perimeter and a central emblem. The signatures are written over and around the stamp.





P. 8

2.5

7

11

